



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/openscms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07/07/2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

8º.-ACORDAR A CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O presidente deu conta da proposta que se presenta relativa a creación e composición das Comisións Informativas.

A continuación ábrese a quenda de intervencións (..)

Ao non producirse máis intervencións Pleno, á vista do decreto da Alcaldía número 1529/2023, de data 05 de xullo, no que quedou establecida a nova estrutura da administración municipal; á vista do artigo 124.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e do artigo 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), en relación co artigo 68.5 da mesma lei, acorda con 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 5 abstencións (3 dos representantes do grupo político do BNG e 2 do grupo político do PP):

1º) Constitúense as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos
- Comisión Informativa de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá
- Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica
- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Educación e Contratación
- Comisión Especial de Contas
- Comisión Informativa Permanente do Patrimonio Histórico, que ditaminará os asuntos relativos ao patrimonio histórico -integrado polos inmobles e obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico, técnico, documental e bibliográfico e os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques, que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico- nos casos previstos nos artigos 68 da LALG e 123 do ROF.

2º) Constitúese a seguinte Comisión Informativa Especial:

- Comisión Informativa Especial para o seguimento da tramitación e aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

3º) Cada Comisión Informativa Permanente ditaminará os asuntos relativos ás competencias atribuídas á Concellaría de Goberno homónima, nos casos previstos no artigo 68 da LALG e 123 do ROF.

A Comisión Especial de Contas terá as competencias descritas no artigo 116 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co art. 212 do Real decreto legislativo, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e no artigo 67 da LALG.

4º) O presidente nato de todas as Comisións Informativas é o alcalde, que poderá delegar a presidencia efectiva nun concelleiro/a da corporación, a proposta da propia comisión, tras a



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

elección que se efectuará no seu seno. Polo mesmo procedemento elixirase e propondrá un suplente, que exercerá as funcións do presidente efectivo no caso de que este non poida facelo por vacante, ausencia, enfermidade ou calquera outro impedimento.

- 5º) As Comisións Informativas integraranse, ao abeiro do disposto no artigo 66.2 da LALG, por un número igual de membros por cada grupo, aplicándose o sistema de voto ponderado.

Deste xeito, as comisións estarán integradas, ademais de polo presidente, por tres (3) concelleiros, dos cales un (1) representará o Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, un (1) ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, e un (1) ao Grupo Municipal do Partido Popular.

A adscrición concreta a cada comisión dos membros da corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do seu portavoz dirixido ao alcalde, do que se dará conta ao pleno, podendo designar, igualmente, un ou varios suplentes que substitúan aos titulares nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera clase dos mesmos.

Os titulares da Comisión Informativa que non asistan á sesión deberán comunicalo aos seus suplentes.

Tódolos membros da corporación poderán asistir en calidade de oínte a tódalas comisións informativas que desexen. Ademais poderán intervir nas mesmas, con voz pero sen voto, co permiso do presidente da respectiva comisión.

- 6º) A secretaría das Comisións Informativas, permanentes e especiais, a desenvolverá calquera funcionario/a da corporación.

- 7º) As Comisións Informativas Permanentes, a excepción da Comisión Especial de Contas, celebrarán sesión ordinaria cada dous meses, con antelación suficiente para ditaminar os asuntos que se traten na sesión plenaria ordinaria correspondente; e así mesmo, reuniranse en sesión ordinaria con antelación suficiente para ditaminar os asuntos que deban ser tratados pola Xunta de Goberno Local cando esta actúe por delegación do Pleno.

Poderán, con todo, celebrar sesións extraordinarias cando o seu presidente o decida ou cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do seu número legal de membros.

A Comisión Especial de Contas terá que reunirse antes do día 1 de xuño de cada ano para emitir o informe preceptivo sobre as contas anuais da Entidade Local.

As sesións celebraranse en primeira convocatoria no día e hora que previamente se determine, e en segunda, unha hora máis tarde.

- 8º) Comunicar este acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada comisión, mediante escrito do portavoz dirixido ao alcalde do concello, nun prazo de cinco días a contar desde a adopción deste acordo, quedando facultado o señor alcalde para, mediante Decreto proceder ao seu nomeamento, dando conta do mesmo na próxima sesión plenaria.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román